



CONFERENCIA DE CIENCIA E ENFERMERÍA

Todo comezou unha mañá, do 17 de febreiro, cando a nosa titora Loli díxonos que despois do recreo iamos ir ver unha conferencia realizada e contada por unhas científicas enfermeiras. Cando chegamos á biblioteca sentámonos, e as mulleres presentáronse, os seus nomes eran Carla e Sara, viñan en lugar da súa profesora M^a Jesús Movilla. Elas eran

enfermeiras, pero estaban a facer o doutorado. Eran unhas persoas amables e agradables, explicaban con calma, e respondían ás nosas preguntas e dúbidas.

Viñeron ao centro porque o pasado día 11 de febreiro celebrouse o DÍA INTERNACIONAL DA MULLERE E DA NENA NA CIENCIA. De primeiro preguntáronnos: Que é a enfermería? Quedamos que era a profesión que se dedica ao coidado da saúde das persoas e a investigar as enfermidades. Tamén nos dixeron que a escola de Enfermería comparte aula coa escola de Podoloxía, que é a ciencia que estuda as enfermidades e problemas nos pés.

Despois preguntaron se era necesario saber ciencia para ser enfermeiro/a, chegamos á conclusión de que si era necesario, porque necesítase para encontrar unha boa medicación e tamén para estudar enfermidades.

A continuación contáronos a evolución da enfermería ao longo do tempo:

- Na prehistoria os cavernícolas fixébanse nos animais que lambían as súas feridas para curarse e eles tamén o facían.
- Na idade Antiga, existían as mulleres e homes, coñecedores das plantas e os seus beneficios. Con elas facían beberaxes e curaban moitas enfermidades. Por iso eran considerados bruxas e curandeiros.
- Na época medieval, como había moitas guerras, aos militares feridos coidábanos as enfermeiras nos cuarteis, pero non cobraban polo seu traballo.
- Unhas décadas despois foron os conventos e os monxes os que coidaban dos enfermos, sen cobrar, por vocación. Non había escolas de enfermería.
- No 1860, Florence Nightingale, fundou a primeira escola de enfermería, nun hospital de London. Fixo que fose unha profesión remunerada ata o día de hoxe. Esta muller ademais de enfermeira, foi unha gran científica que publicou as súas investigacións.

- Na actualidade todos os avances científicos e tecnolóxicos permiten curar moitas enfermidades.

Preguntáronnos que traballos pensabamos que desenvolvía unha enfermeira. Todos contestamos que coidar e curar enfermos, poñer vacinas, sacar o sangue para as análises. Pero elas explicáronnos que os traballos que facían abarcaban máis campos. Podían ser profesoras doutras persoas que queren aprender esta profesión, dirixir centros de saúde ou hospitais, traballar en laboratorios e centros de investigación para descubrir novos medicamentos, novas enfermidades e as súas solucións.

Sabedes cales son os pasos para saber investigar con éxito?

- 1- Ver o problema
- 2- Preguntarse a cerca do mesmo.
- 3- Pensar unha solución.
- 4- Levala a cabo.
- 5- Ver a súa evolución.
- 6- Obter resultado.
- 7- Poñelos en práctica cos enfermos.

Deixáronnos facerlles moitas preguntas, gustounos a seguinte: Hai que especializarse para traballar como enfermeiro/a nunha ambulancia? Non, pero para traballar nelas si hai que ser enfermeiro/a, e estar alerta. Hai diferentes tipos de ambulancia segundo o problema que presente o enfermo.



Todo isto que nos foron contando, acompañárono con imaxes moi ilustrativas que nos axudaron a entender mellor a súa profesión.

Para rematar agasalláronnos cun marcapáxinas e despedíronse de nós poñendo unhas imaxes dos Minions.

Foi moi divertido e aprendemos moito.

Grazas Sara e Carla

Alumnado de 4º A do CEIP Isaac Peral.